

## ANUNCIO

### **Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de axudante de arquivo -arquivoiro/a correspondente a OEP do Concello de Fene do ano 2021**

O tribunal acordou nas sesións celebradas os días 10 e 12 de xuño de 2025 publicar o resultado da revisión das alegacións presentadas entre os días 5 a 11 de xuño de 2025, conforme o informe do Rexistro do Concello de Fene, así como a plantilla definitiva de respostas da parte tipo test, as puntuacións provisionais das preguntas curtas e modificar a data prevista do 3º exercicio.

Conforme a base octava do proceso selectivo *As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de seren estimadas polo Tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais.*

#### **Primeiro. Revisión das alegacións**

As alegacións revisadas foron as seguintes:

##### **1. Alegación presentada o día 6 de xuño de 2025 por S. M. F. V.**

O resumo da reclamación se centra na preguntas 24 e 52. Referente á pregunta 24 indícase que *A opción correcta sinalada na plantilla de respostas é a c) pero despois de consultadas diversas fontes sobre xestión documental electrónica e partindo das definicións de captura e rexistro entendidos como procesos dentro da xestión documental electrónica, atopo confusión na formulación da pregunta.*

Revisada esta fundamentación, o Tribunal determina por unanimidade que non se pode considerar confusa nin a formulación da pregunta nin a resposta, tendo en conta que así ven indicado na Guía para la gestión de documentos electrónicos (autores Gerardo Bustos Pretel e Jose Luis García Martínez).

Por este motivo se desestima a alegación e se mantén a pregunta así como a resposta.

A outra alegación refírese a pregunta 52 que recolle o seguinte:

“Según las Recomendaciones para la edificación de archivos del Ministerio, ¿cuáles son las condiciones ambientales recomendadas para la conservación de fotografía sen blanco y negro?

- a) Entre 10 a 18 grados centígrados con una humedad relativa del 45-65%
- b) Entre 18 a 20 grados centígrados, con una humedad relativa del 45-65%
- c) Entre 15 a 20 grados centígrados, con una humedad relativa del 30-55%”

Sinala a reclamante que *Consta como correcta a opción a) e revisado o documento sobre o que versa a pregunta a resposta correcta a esta pregunta sería a c) “Entre 15 a 20 grados centígrados, con una humedad relativa del 30-55%”. Achego pdf da páxina na que se recolle a información na publicación do Ministerio.*

Revisada a pregunta e respostas incorporadas, se verifica que é correcta a alegación, sendo a resposta correcta a la letra “C” polo que se estima a alegación e se computa como correcta a resposta C no canto da letra A. Iso supón a revisión das puntuacións de todas as aspirantes no referente a esta pregunta, achegándose como anexo nova plantilla provisional, a expensas de posteriores alegacións, e novas notas igualmente provisionais.

## **2. Alegación presentada o día 9 de xuño de 2025 por B. E. L. M.**

Se concreta a reclamación nas preguntas 25 e 26 por resultar confusas e demasiado xenéricas. En canto a pregunta 25 que literalmente dí:

**25. La serie es un conjunto de documentos que está ligado a la actividad**

- a. del archivo donde se depositan los documentos
- b. de uno o varios agentes
- c. de un fondo documental

Alega a aspirante que *La definición según la norma de Archivística de referencia tal y como transcribo a continuación.*

*Según la ISADG (página 17)*

*<https://www.cultura.gob.es/dam/jcr:2700ee49-7b45-40c1-9237-55e3404d3a3f/isad.pdf>*

*Serie. Documentos organizados de acuerdo con un sistema de archivo o conservados formando una unidad como resultado de una misma acumulación, del mismo proceso archivístico, o de la misma actividad; que tienen una forma particular, o como consecuencia de cualquier otra relación derivada de su producción, recepción o utilización. La serie se denomina también serie documental.*

Revisada a cuestión, o Tribunal acorda por unanimidade que na norma NEDA-MC se indica claramente:

### **3.1.4. Serie**

*La serie es el conjunto de documentos, producidos por uno o varios agentes, que son testimonio continuado de una o varias actividades o procesos.*

Por este motivo, se determina que tanto a pregunta como a resposta son claras e concretas, polo que se mantén a resposta **b** como correcta se desestima a alegación.

No referente á pregunta 26 que literalmente dí:

## **26. Si elijo el sistema numérico. ¿a qué me estoy refiriendo?**

- a. A un sistema de clasificación archivística
- b. A un sistema de ordenación archivística
- c. Puede ser tanto un sistema de clasificación como de ordenación

O Tribunal entende que os sistemas numéricos se refiren sempre a ordenación arquivística segundo sinalan, entre outros, Antonia Heredia Herrera, no seu libro “Archivística General. Teoría y práctica. Sevilla: Diputación Provincial de Sevilla, 1986, p. 207; ou José Ramón Cruz Mundet en: Archivística: gestión de documentos y administración de archivos. Madrid: Alianza, 2012, p. 228; polo que se mantén como resposta correcta a letra b e se desestima a alegación.

### 3. Alegación presentada o día 10 de xuño de 2025 por B. E. L. M.

A alegación se refire á pregunta 40 e indica que a resposta c. non é correcta.

40. El código SIA es un elemento del sistema de información integrado en el "Punto de acceso General" a todas las administraciones públicas que sirve como identificador:

- a. Del Documento
- b. Del órgano productor del documento
- c. De la serie documental

O argumento que sinala é que *El Código SIA no está diseñado para identificar series documentales, sino para catalogar y gestionar procedimientos administrativos dentro del Sistema de Información Administrativa (SIA). Sin embargo, en algunos casos, puede estar vinculado a la gestión documental cuando los procedimientos administrativos requieren la conservación de documentos en archivos electrónicos.*

*Para la identificación de series documentales, se utilizan otros sistemas y estándares, como el Esquema de Metadatos para la Gestión del Documento Electrónico (e-EMGDE), que define los metadatos necesarios para la administración pública.*

O Tribunal entende que a pregunta e a resposta están claras porque non se pregunta que é o código SIA, senón se ten relación con algún dos elementos esenciais da xestión documental. De ese modo se xustifica en que a xestión documental iníciase antes da produción documental, tal e como di a Norma UNE-ISO 15489, e que os metadatos e os esquemas de metadatos describen os datos, unha vez identificados, non antes, polo que non sería correcto soste que ten relación co arquivo electrónico. Así se pode concluir que catalogar e xestionar procedementos é catalogar e xestionar series documentais, polo que se desestima a alegación e se mantén a pregunta e resposta como válida.

### Segundo. Plantilla definitiva de respostas tipo test

Rematada a revisión das alegacións remitidas, se procede á revisión das puntuacións do tipo test, tendo en conta a estimación da alegación referida á pregunta 52, resultando unha plantilla definitiva de respostas da parte tipo test que se indica:

#### PLANTILLA RESPUESTAS DEFINITIVA

| Pregunta | Resposta correcta |
|----------|-------------------|
| 1        | b                 |
| 2        | b                 |
| 3        | c                 |
| 4        | a                 |
| 5        | c                 |
| 6        | c                 |
| 7        | a                 |
| 8        | b                 |
| 9        | b                 |
| 10       | c                 |
| 11       | a                 |

|           |          |
|-----------|----------|
| 12        | a        |
| 13        | a        |
| 14        | a        |
| 15        | a        |
| 16        | a        |
| 17        | b        |
| 18        | a        |
| 19        | a        |
| 20        | b        |
| 21        | b        |
| 22        | b        |
| 23        | c        |
| 24        | c        |
| 25        | b        |
| 26        | b        |
| 27        | c        |
| 28        | b        |
| 29        | c        |
| 30        | b        |
| 31        | a        |
| 32        | b        |
| 33        | b        |
| 34        | c        |
| 35        | b        |
| 36        | a        |
| 37        | a        |
| 38        | b        |
| 39        | b        |
| 40        | c        |
| 41        | a        |
| 42        | a        |
| 43        | a        |
| 44        | b        |
| 45        | a        |
| 46        | a        |
| 47        | a        |
| 48        | a        |
| 49        | b        |
| 50        | b        |
| 51        | a        |
| <b>52</b> | <b>c</b> |
| 53        | b        |
| 54        | c        |
| 55        | c        |
| 56        | a        |

|     |   |
|-----|---|
| 57  | b |
| 58  | c |
| 59  | b |
| 60  | a |
| 61  | b |
| 62  | b |
| 63  | b |
| 64  | c |
| 65  | b |
| 66  | a |
| 67  | a |
| 68  | c |
| 69  | b |
| 70  | a |
| R1  | c |
| R2  | b |
| R3  | c |
| R4  | c |
| R5  | a |
| R6  | a |
| R7  | c |
| R8  | a |
| R9  | c |
| R10 | c |

### Terceiro. Puntuacións definitivas da parte test

Revisadas as puntuacións conforme o cambio da resposta da pregunta 52, as puntuacións definitivas da parte tipo test son:

| ID       | ACERTOS<br>(A) | ERROS E<br>BRANCOS<br>(B) | RESTAN<br>(C=(B)/3) | ACERTOS<br>NETOS<br>(A-C) | NOTA | ESTADO     |
|----------|----------------|---------------------------|---------------------|---------------------------|------|------------|
| 21104293 | 54             | 16                        | 5,33                | 48,67                     | 6,95 | APTO/A     |
| 21104304 | 41             | 29                        | 9,67                | 31,33                     | 4,48 | NON APTO/A |
| 21104104 | 55             | 15                        | 5,00                | 50,00                     | 7,14 | APTO/A     |
| 21104305 | 42             | 28                        | 9,33                | 32,67                     | 4,67 | NON APTO/A |
| 21104102 | 35             | 35                        | 11,67               | 23,33                     | 3,33 | NON APTO/A |
| 21104105 | 36             | 34                        | 11,33               | 24,67                     | 3,52 | NON APTO/A |
| 21104299 | 57             | 13                        | 4,33                | 52,67                     | 7,52 | APTO/A     |
| 21104298 | 64             | 6                         | 2,00                | 62,00                     | 8,86 | APTO/A     |

#### Cuarto. Puntuacións da parte de preguntas curtas

Unha vez confirmadas as puntuacións da parte tipo test, se procede á corrección da parte de pregunta curta dos exames que superaron esta primeira parte do test, tendo en conta que a base octava indica que non é preciso valorar a segunda proba daquelas persoas aspirantes que non superen a primeira.

Os resultados da avaliación das preguntas curtas é a seguinte:

| ID       | PREG. 1 | PREG. 2 | PREG. 3 | PREG. 4 | PREG. 5 | TOTAL | ESTADO     |
|----------|---------|---------|---------|---------|---------|-------|------------|
| 21104293 | 0,80    | 0,50    | 1,00    | 0,50    | 1,00    | 3,80  | NON APTO/A |
| 21104104 | 0,50    | 1,00    | 0,80    | 0,75    | 0,75    | 3,80  | NON APTO/A |
| 21104299 | 0,50    | 1,50    | 2,00    | 1,75    | 1,25    | 7,00  | APTO/A     |
| 21104298 | 2,00    | 1,00    | 0,50    | 1,50    | 1,50    | 6,50  | APTO/A     |

Á vista do anterior as persoas aspirantes dispoñen de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos na parte de preguntas curtas.

#### Quinto. Modificación da data para a realización do 3º exercicio

En canto á data de celebración do 3º exercicio, de supostos prácticos, o Tribunal acorda modificar a data prevista inicialmente para o 8 de xullo e sinalar como data e hora do 3º exercicio o **10 de xullo de 2025 no Salón de Plenos da Casa do Concello de Fene, para as 10:30 horas**, con unha duración máxima de 2 horas, con lectura posterior do exercicio e preguntas polo tribunal.

Asinado dixitamente polo secretario do tribunal

Jorge Manuel Vidal Zapatero